

The logo for EMAOC (Escuela Municipal de Artes e Oficios) is displayed in a bold, black, sans-serif font on a bright yellow rectangular background. The letters 'E', 'M', 'A', 'O', and 'C' are connected, with the 'E' having a unique design with three horizontal bars.

## **A ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS**

Na Escola Municipal de Artes e Oficios (**EMAOC**), formáronse desde hai máis de cen anos, milleiros de persoas en disciplinas de artes aplicadas. Está situada en pleno centro da cidade, nun edificio de singular beleza, obra do arquitecto francés Michel Pacewicz, doado polo emprendedor José García Barbón en 1900.

A Escola de Artes e Oficios depende do organismo autónomo do mesmo nome, adscrito á Área de Educación do Concello de Vigo. Na EMAOC impártese formación gratuíta de carácter non regrado, dirixida a persoas adultas co desenvolvemento dun amplo programa que abrangue materias moi diversas, dende o ámbito das bellas artes e disciplinas de vocación artística ao dos oficios artesanais cunha orientación máis profesional.



## MÁIS DE 100 ANOS DA ESCOLA

En 1885 a Sociedade de Socorros Mutuos La Cooperativa creou en Vigo unha Escola de Artes e Oficios co fin de formar "obreiros e mulleres sen medios propios". O gran edificio de estética historicista en que se asenta fala das grandes expectativas depositadas neste proxecto formativo.

As escolas de artes e oficios xorden en Europa no momento en que a Revolución Industrial modifica os procesos de produción e xeralízase a mecanización fronte ao artesanal. Estaban dirixidas ás clases populares, centrándose na educación nos novos oficios para os homes e a formación artística para as mulleres. Co paso do tempo o ensino evolucionou para se adaptar ás necesidades da sociedade.

Hoxe, a EMAO é un gran centro de ensino non regrado, no que, mediante unha metodoloxía eminentemente práctica, se combina o traballo en obradoiros especializados, dotados de toda a ferramenta e maquinaria necesaria para cada disciplina artística ou oficio, coa aprendizaxe de contidos e destrezas complementarias.

# GIA1

CERÁMICA  
ARTÍSTICA



Con dous cursos de duración, e con carácter intensivo, o programa formativo de Cerámica Artística busca dotar ao alumnado de coñecementos sobre os materiais e técnicas desta disciplina. Familiarizarse cos procesos científicos e técnicos das materias primas, os seus modos de aplicación e os sistemas de cocción. Ao mesmo tempo o alumnado recibe a formación artística necesaria para a creación da súa propia linguaxe expresiva.

## **CERÁMICA I**

Iníciase o alumnado no medio cerámico: ferramentas, maquinaria, materias primas, procesos e linguaxes propias da cerámica artística. Cóntase coas materias complementarias de Debuxo e Historia da Cerámica.

## **CERÁMICA II**

Coa cumprida pericia técnica, o alumnado investiga na súa propia creatividade. Como materias complementarias impártense Serigrafía Cerámica e Baleirado.



# GIA2

ENCADERNACIÓN  
ARTÍSTICA

O ensino está deseñado para aportar os coñecementos precisos para o desenvolvemento da encadernación artística no ámbito laboral. Como base impártese unha sólida formación tanto a nivel teórico (Historia da Arte e da Encadernación e Debuxo Técnico e Artístico) como práctico, que facilite a achega a todos os materiais, ferramentas e técnicas de encadernación. Saliéntase a posibilidade de facer pezas únicas con decoracións orixinais que favorezan a autonomía creativa do alumnado.

## ENCADERNACIÓN I

Achega inicial ao mundo da encadernación.

## ENCADERNACIÓN II

Estúdanse as diversas tipoloxías e posibilidades da encadernación e os diferentes materiais, afondando nos acabados.

# GLA3

## SERIGRAFÍA



O obxectivo xeral dos cursos consiste en coñecer os materiais, ferramentas e técnicas da Serigrafía. Pártese do traballo preparatorio sobre debuxo, perspectiva, harmonía, composición e deseño de maneira que se facilite ao alumnado as ferramentas para desenvolver as súas capacidades creativas e técnicas á hora de realizar unha serigrafía.

### **SERIGRAFÍA ARTÍSTICA I**

Achega inicial ao mundo da serigrafía.

### **SERIGRAFÍA ARTÍSTICA II**

Abrangue as diversas tipoloxías e posibilidades da serigrafía e os diferentes materiais, afondando nos diferentes acabados.



# GIBI

## ZANFONA

### ZANFONA I

No primeiro ano familiarízase ao alumnado coas ferramentas de emprego manual e coa manipulación da maquinaria para finalmente construír unha caixa harmónica, clavixeiro, clavixas e roda.

### ZANFONA II

No segundo ano continúaase o proceso de construción para rematar completamente o instrumento e encordar.

ESTAS DISCIPLINAS IMPÁRTENSE NA EMAO CO OBOXECTIVO DE FORMAR ARTESÁNS PROFESIONAIS NA CONSTRUCIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS. A METODOLOXÍA UTILIZADA CONSISTE NO ENSINO PRÁCTICO MEDIANTE A CONSTRUCIÓN DUN INSTRUMENTO COMPLETO E A TEORÍA INCLUÍDA EN CADA PROCESO, ASÍ COMO MATERIAS COMPLEMENTARIAS RELACIONADAS COA ANÁLISE E MEDIDA MUSICAL, A ACÚSTICA E A PRÁCTICA INSTRUMENTAL.



# GIB2

## GAITA

ESTAS DISCIPLINAS IMPÁRTENSE NA EMAO CO OBXECTIVO DE FORMAR ARTESÁNS PROFESIONAIS NA CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS.

A METODOLOXÍA UTILIZADA CONSISTE NO ENSINO PRÁCTICO MEDIANTE A CONSTRUCCIÓN DUN INSTRUMENTO COMPLETO E A TEORÍA INCLUÍDA EN CADA PROCESO, ASÍ COMO MATERIAS COMPLEMENTARIAS RELACIONADAS COA ANÁLISE E MEDIDA MUSICAL, A ACÚSTICA E A PRÁCTICA INSTRUMENTAL.

### **GAITA I**

No primeiro ano o alumnado coñecerá os materiais e ferramentas e aprenderá a construír palletas e pallóns. Ademais recibirá formación sobre os procesos construtivos dunha gaita, agás do punteiro.

### **GAITA II**

No segundo ano coñecerase o proceso construtivo do punteiro, a montaxe da gaita, empalletado e afinación. Ademais, estudarase o proceso construtivo da requinta e o pito.



# GIB3

## LUTHERÍA ANTIGA

A metodoloxía baséase no ensino práctico no obradoiro así como en cursos monográficos anuais impartidos por luthiers especialistas e o estudo de materias complementarias relacionadas coa análise e medida musical, a acústica e a práctica instrumental.

### LUTHERÍA ANTIGA I

O primeiro ano ten como obxectivo inculcar actitudes de minuciosidade e delicadeza no traballo e iniciar o alumnado na procura da perfección precisa para a elaboración das plantillas. Entre outras, buscarase dominar a técnica do afiado e do cepillado manual.

### LUTHERÍA ANTIGA II

No segundo ano apréndese a dobrar as madeiras con calor e a construír distintas tapas harmónicas, o elemento diferenciador das calidades acústicas dun instrumento. Tamén se elaboran diferentes fórmulas de vernices empregados na luthería antiga.

O OBXECTIVO DOS CURSOS É O DE FORMAR ARTESÁNS PROFESIONAIS NA CONSTRUCCIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS CON TÉCNICAS QUE EXISTIRON ENTRE OS SÉCULOS XIV E XVIII. COS COÑECEMENTOS DE HOXE EN DÍA, INVESTÍGASE NA SÚA MELLORA E RECONSTRÚENSE INSTRUMENTOS BARROCOS ESPAÑOIS.



# GII1

## PINTURA



A disciplina de Pintura busca dominar as técnicas a través da investigación nas formas, materiais e procesos, por medio do desenvolvemento da percepción visual e conceptual. Ao longo dos tres cursos realizaranse traballos con diversas técnicas e tamén actividades complementarias como visitas a museos e obradoiros.

### **INICIACIÓN**

Obter formación sobre a disposición dos elementos no espazo. Coñecer a teoría e psicoloxía da cor e as técnicas do pastel e a acuarela.

### **PERFECCIONAMENTO**

Obter coñecementos sobre a correcta utilización de luces e sombras, as técnicas do acrílico e mixtas. Cor e psicoloxía; coñecer a importancia do adecuado uso da cor, conxugada cos coñecementos compositivos.

### **PERFECCIONAMENTO II**

Experimentar con distintos soportes e superficies. Empregar o óleo e distintas técnicas extrapictóricas. Coñecer o collage e novos esquemas compositivos.



# GII2

## DEBUXO

Os cursos teórico-prácticos complementáanse con visitas a exposicións e talleres e a colaboración de artistas profesionais.

### INICIACIÓN

Neste ano iníciáanse os coñecementos técnico-gráficos para percibir o debuxo como método de interpretación da realidade.

### PERFECCIONAMENTO I

Perfecciónanse os coñecementos debuxísticos e iníciase a experimentación coa cor e a perspectiva.

### PERFECCIONAMENTO II

Coñeceranse as posibilidades expresivas da cor e a composición e estudárase a representación do rostro humano para reflectir a súa expresividade.

A ESPECIALIDADE DE DEBUXO ESTÁ DESTINADA A FAMILIARIZARSE COAS TÉCNICAS BÁSICAS DO DEBUXO E AS SÚAS ESTRATEXIAS INTERPRETATIVAS CUNHA METODOLOXÍA ABERTA. PÁRTESE DAS PRINCIPAIS TÉCNICAS GRÁFICAS PARA TRATAR ASPECTOS COMO COMPOSICIÓN, PERSPECTIVA, CLAROSCURO, COR E FIGURA.

# GII3

## ESCALURA E TALLA EN MADEIRA



A TALLA É A CREAÇÃO DUNHA FORMA ESCULTÓRICA A PARTIR DUN FRAGMENTO DE MADEIRA DO QUE SE OBTÉN UN VOLUME.

PARA EXTRAER DUNHA PÓLA, TRONCO OU BLOQUE DE MADEIRA UNHA CREAÇÃO ARTÍSTICA SINGULAR É NECESARIO TER UN COÑECEMENTO DA TÉCNICA E DA TEORÍA DA HISTORIA DA ARTE.

As ferramentas, as técnicas de talla tradicional, a escultura tridimensional, as distintas técnicas de conservación da madeira, os acabados e a xilografía compoñen o apartado práctico deste saber. O campo da teoría impártese coa formación en Historia da escultura, visitas a exposicións e conferencias.

### INICIACIÓN

No primeiro ano realízanse prácticas coas ferramentas e as materias primas e no plano teórico coñécense diferentes formas de expresión artística.

### PERFECCIONAMENTO I

Neste curso abórdase a forma tridimensional e perfecciónanse as destrezas manuais no dominio de materiais e ferramentas. Para a creación dunha linguaxe propia, proporciónanse ao alumnado coñecementos sobre a escultura do século XX.

### PERFECCIONAMENTO II

No último curso búscase capacitar o alumnado para o desenvolvemento dun proceso escultórico propio en que se relacionen forma e espazo.



# GII4

MODA E  
CONFECCIÓN

A disciplina de Moda e Confección impártese co obxectivo de afondar no coñecemento en materia téxtil e acadar capacitación para o desempeño profesional cunha metodoloxía teórico-práctica.

## **INICIACIÓN**

Proporciónase formación básica en patronaxe, costura a man e costura a máquina.

## **PERFECCIONAMENTO I**

Ampliaranse os coñecementos en patronaxe, costura a man e costura a máquina.

## **PERFECCIONAMENTO II**

Perfeccionaranse as capacidades en patronaxe, costura a man e costura a máquina.



# G115

## OURIVERÍA

En Ourivería o alumnado coñece as diferentes técnicas para traballar os metais con rigor e claridade. Facilítase a visión do oficio desde diversas perspectivas coa utilización de técnicas diversas, así como do debuxo ornamental, a pintura e o modelado.

### **INICIACIÓN**

O alumnado recibe formación en proxección técnica, manipulación de materiais e debuxo.

### **PERFECCIONAMENTO I**

Afóndase nas técnicas de pratería, traballos con soldadura, debuxo e modelado.

### **PERFECCIONAMENTO II**

O último ano está centrado na aprendizaxe de ornamentación, composición e deseño.



# E116

## ARTESANÍA EN COIRO

O obxectivo da especialidade é que o alumnado sexa quen de cumprir totalmente o proceso da elaboración das pezas, dende o desenvolvemento do patrón ata o acabado final, pasando pola decoración e as costuras.

### INICIACIÓN

No primeiro ano apréndense as diferentes técnicas de repuxado, as ferramentas básicas e as técnicas de costura máis comúns, todo isto elaborando pezas sinxelas de marroquinaría e zapatería.

### PERFECCIONAMENTO I

Afondarase nos diferentes tipos de pel, para saber cal é o máis axeitado para a peza que se vaia realizar. Elaboraranse pezas de decoración e marroquinaría. Aprenderanse tamén técnicas de decoración das pezas coma o labrado e o tinguido.

### PERFECCIONAMENTO II

Completaranse os coñecementos adquiridos do proceso para a elaboración das pezas, de xeito que o alumnado desenvolverá totalmente as súas propias. Elaboraranse pezas con técnicas de moldeado destinadas a decoración. Afondaremos na elaboración de pezas de zapatería. ción de pezas de xeito autónomo.

O ALUMNADO COÑECERÁ AS FERRAMENTAS PROPIAS DOS OFICIOS PARA TRABALLAR O COIRO, TANTO AS TRADICIONAIS COMO AS MÁIS ACTUAIS, CO FIN DE QUE SEXA QUEN DE ESCOLLER A QUE MÁIS SE AXEITA ÁS SÚAS NECESIDADES.



# G117

## ENCAIXE DE PALILLOS

O OBRADOIRO LEVA A CABO UN LABOR DINAMIZADOR DUNHA ARTE CON MOITOS SÉCULOS DE TRADICIÓN QUE FOI EVOLUCIONANDO EN ESTILO NAS DISTINTAS ÉPOCAS HISTÓRICAS, SUSTENTÁNDOSE NA CREATIVIDADE E O DESEÑO PARA DEMOSTRAR QUE O ENCAIXE DE PALILLOS NON SÓ SE INSPIRA EN ELEMENTOS DO PASADO SENÓN TAMÉN NO PRESENTE.

O obradoiro encaixe de palillos fai fincapé no coñecemento tradicional da técnica e, paralelamente, no proceso creativo que o alumnado desenvolve por medio de coñecementos tanto teóricos como prácticos.

### INICIACIÓN

Introdúcese o alumnado na práctica e teoría do encaixe de palillos.

### PERFECCIONAMENTO I

Neste segundo ano desenvólvese o aprendido nos ámbitos teórico e práctico e comézase a deseñar.

### PERFECCIONAMENTO II

O último ano capacita para a realización de encaixe tradicional e contemporáneo coas súas técnicas diferenciadas e a creación de deseños orixinais.



**BIB**

BIBLIOTECA

Trátase dunha biblioteca con grande valor histórico e patrimonial dada a súa antigüidade e o espírito humanista coa que foi concibida nos seus inicios: unha biblioteca pública e popular, ademais de biblioteca especializada nos ensinos técnicos e científicos que se impartían nese momento na escola.

A biblioteca actual crece sobre dous eixos: a conservación de toda esta bagaxe histórica e a creación dunha biblioteca moderna, adaptada no seu funcionamento, servizos e soporte ás novas tecnoloxías de información e comunicación, e especializada no ensino das artes e oficios tradicionais.